

PRIVATIZACIÓN DA ESTERILIZACIÓN:

**Descapitalización do coñecemento na pública,
destrución de postos de traballo,
menor garantía na calidade da prestación, maior custe económico**

Coa privatización do servizo de Esterilización o SERGAS está cumprindo a súa folla de ruta de **fragmentar a sanidade pública para poder privatizala con maior facilidade.**

De non pararmos agora este proceso de descapitalización do sistema sanitario público posto en marcha polo goberno do PP, no futuro será inviable recuperar a titularidade pública destes servizos. **Agora tamén están a privatizar a bata branca.**

O canon que a Consellaría de Sanidade vai pagar por cada un dos servizos privatizados vai asumir unha parte importante do orzamento

sanitario, hipotecando por moitos anos as arcas públicas, dificultando a prestación de servizos, cun custe superior ao custe actual, con perda de calidade e destrución de emprego público. Por riba, para poder manter isto seguirán reducindo os nosos salarios, iso si, contentando as empresas amigas.

Este vai ser o **2º (segundo) ERE** do persoal do SERGAS, o 1º (primeiro) ERE foi o do persoal de subministrados (200 postos de traballo) cando se privatizou este servizo implantando a Plataforma Loxística. Nesta ocasión, coa privatización da esterilización, **están en perigo 167 postos de traballo** (ver cadro de abaixo).

	DUE	TCAE	TOTAL
XXI Pontevedra - O Salnés	1	20	21
XXI Vigo	5	33	38
XXI Santiago - Barbanza	1	23	24
XXI Lugo-Monforte-Burela	1	25	26
XXI A Coruña - Cee		19	19
XXI Ourense - Verín - O Barco	2	27	29
XXI Ferrol			10
		TOTAL	167

Temos que parar a sangría de privatizacións e a destrución de emprego.

Non llelo permitas! MOBILÍZATE!!!

